

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016590	CEIP de Abelendo	Moaña	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	70
4.2. Materiais e recursos didácticos	72
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	73
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	73
6. Medidas de atención á diversidade	73
7.1. Concreción dos elementos transversais	75
7.2. Actividades complementarias	76
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	76
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	77
9. Outros apartados	77

1. Introducción

Antes de facer calquera outra consideración parece importante sinalar que para a redacción desta programación didáctica teranse en conta todos os requirimentos normativos e acatarase todo o que ao respecto desta etapa e deste documento se recolla na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e tamén se respectarán todos os elementos prescriptivos que se recollen no DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A publicación tan recente desta normativa dificulta a elaboración desta programación, xa que este ano nos vimos inmersos en moitos cambios. Un deles a propia normativa e outro a nova aplicación que temos que empregar para realizar a nosa Programación Didáctica, polo que damos por feito que este primeiro ano, redactaremos unha Programación Didáctica que, tal e como todos os cursos, pero este máis se cabe polas circunstancias antes mencionadas, estará en continua revisión e será o punto de partida para modificar e mellorar a do curso nvindeiro coa experiencia acadada neste curso escolar.

Creemos que a escola é un espazo para as crianzas, e polo tanto ten que ser un espazo pensado e creado para elas. A nosa labor como docentes é saber empregar a mirada dos nenos e nenas para crear un espazo de convivencia, confianza e liberdade, que lles permita pensar, discutir e traballar coa vontade de reconciliar o que xa sabe co que aínda non sabe.

Os nenos e nenas veñen a escola cun gran camiño percorrido, cunhas potencialidades e unhas capacidades (intelixencias) que han de ser respectadas, acompañadas e guiadas para a súa máxima expresión. Por iso, creemos firmemente que o rol que temos como mestres é crear os ambientes que favorezan ese acompañamento, deixando ás crianzas que exploren as súas posibilidades de acción e aprendizaxe, sendo guías e deixando un papel activo e protagonista aos cativos.

Respecto e confianza son as bases desta programación, pois é o motor que acciona o mellor de cada persoa. Cando poñemos respecto, seguridade e confianza nas capacidades e intelixencias do alumnado, estamos potenciando a súa autonomía física, intelectual e ética. A liberdade de cada un remata onde empeza a liberdade do outro, por iso fomentamos a liberdade de acción e elección pero sempre dende o respecto mutuo e o respecto propio, así como o respecto ao contorno.

Apostamos por un enfoque globalizador do ensino, no que os nenos e nenas adoitén un papel activo na formación da súa personalidade, na adquisición da súa autonomía, iniciativa e responsabilidade, do intercambio de puntos de vista, de compartir e construír coñecementos, expresar e argumentar as súas opinións, e buscar solucións creativas, sempre dentro dun ambiente respectuoso, afectivo, cooperativo, e de investigación activa.

Así, partindo do noso currículo e as súas orientacións metodolóxicas, deseñamos un proxecto no que teña cabida toda a comunidade educativa, e onde cada unha das crianzas poida avanzar ao seu ritmo, respectando en todo momento as súas individualidades e capacidades/intelixencias.

Contexto do centro:

O centro escolar está situado nun contexto rural, na parroquia de San Martiño, que pertence ao concello de Moaña. Está rodeado por varias casas e algúns servizos: farmacia, tenda de alimentación e algunhas cafeterías e restaurantes. Case non hai comunicación con transporte público, só hai un autobús ao día para ir ao centro de Moaña. O nivel sociocultural e económico é medio-baixo. A maioría dos nosos alumnos/as proveñen de zonas próximas ao colexio.

O colexio ten xornada continua e está constituído por 3 unidades de educación infantil e 5 unidades de educación Primaria. Actualmente 3º e 4º de Educación Primaria está en agrupamento mixto.

Ademais dos mestres e mestras titoras e os mestres especialistas de área, o equipo docente conta cunha especialista en PT e cunha de AL compartida co CEIP de Tirán. Tamén contamos cunha coidadora. Así mesmo temos Orientadora compartida co CEIP Plurilingüe de Tirán.

En canto aos servizos complementarios, o centro dispón de transporte escolar e comedor (con servizo de catering) e Plan Madruga.

O colexio é un edificio que conta coas seguintes instalacións:

- Un ximnasio dotado de vestiarios.
- Un patio de xogos para Educación Infantil, que dispón de zona de areeiro, unha casiña de madeira e estruturas fixas.
- Unha biblioteca dotada con material bibliográfico, ordenadores e mesas de luz.
- Aseos en número suficiente ás necesidades do centro para alumnos e persoal.
- Un despacho de dirección e sala de profesores.

- Aula de arte.
- Aula de música.
- Aula de inglés.
- Aula de relixión e AL
- Aula de PT.
- Aula de audiovisuais/radio.

Contexto da aula:

Contamos con 3 aulas de Educación Infantil situadas na planta 1 do edificio. A aula de 3 anos é luminosa, espazosa e con boa ventilación. Ten aseo dentro con dúas portas (unha que comunica coa clase e outra que comunica co corredoiro).

A aula conta con todo o mobiliario necesario para levar a cabo a labor educativa. O espazo está distribuído por ambientes de aprendizaxe, tentando manter conexión entre todos eles. O materiais están dispostos en bandexas e favorecen tanto a autonomía como a libre elección por parte do alumnado. Préstase especial atención á disposición do espazo e dos materiais, de xeito que estean ben presentados e inviten tanto ao seu uso como á súa recollida posterior.

Esta programación didáctica está plantexada para un grupo de 12 alumnas/os de 4º de Infantil do CEIP de Abelendo, en Moaña.

Este grupo está formado por 8 nenos e 4 nenas. Son nenos e nenas criados en pleno período de pandemia polo que presentan dalgún xeito limitacións nas relacións sociais, xa que estiveron privados por moito tempo, máis se cabe se o facemos proporcional ao seu tempo de vida, das saídas aos parques ou entornos nos que podían relacionarse con outras crianzas. Polo tanto, aquel alumnado que non acudiu á escola infantil de primeiro ciclo é un grupo de nenos e nenas con limitacións nas súas relacións sociais e, por este motivo poden manifestar dificultades nesta área ás que haberá que permanecer atentas para dar resposta pronta dende a titoría.

Así mesmo, é un grupo de nenos/as criados nun pobo pequeno como é Moaña. Un pobo dotado de tódolos servizos e de tódalas comodidades e ben comunicado con grandes cidades con Vigo e Pontevedra que permiten ás familias ter rápido acceso a diferentes fontes de ocio e desfrute.

O noso centro é un centro de liña un cunha rateo baixa de alumnado que facilita a atención da diversidade que se da nas aulas.

Despois dun traballo de reflexión conxunta por parte das titoras de Infantil, en colaboración co profesorado especialista que imparte clase nestes grupos, decidimos establecer para a nosa programación didáctica un conxunto de unidades didácticas abertas e amplas que dean cabida a traballar de xeito globalizado tal e como se debe facer en Infantil.

Organizaremos a nosa programación didáctica combinando as tres áreas, xa que é así como se traballa realmente en infantil. Os contidos traballados raramente van desconectados do que facer das nosas aulas. As actividades están normalmente orientadas para que no seu conxunto, dentro das unidades didácticas traballen contidos das diferentes áreas. Polo tanto estableceremos unhas unidades didácticas anuais que se repetirán en 4º, 5º e 6º de Infantil e que supoñen o groso do traballo real das nosas aulas. Despois, dentro destas unidades amplas iremos levando a cabo diferentes actividades ou microproxectos que dean resposta aos intereses reais de nenas e nenos xa que estes son imposibles de coñecer de antemán. Polo tanto, se queremos ser fieis á dinámica de traballo por proxectos e ao seu plantexamente orixinal, tal e como KillPatrick os deseñaba, debemos deixar a porta sempre aberta á motivación da cativada e aos seus interese. Polo tanto, adaptaremos na nosa práctica diaria estas unidades amplas de programación, a través das actividades aos seus intereses propios xurdidos do día a día na aula.

Ademáis recolleremos tamén unidades didácticas específicas para o traballo da lingua estranxeira ou da psicomotricidade e a música que, ao ser impartidas por profesorado especialista, teñen unha propia individualidade e están máis desconectadas do propio criterio de globalización da titora.

Será polo tanto un documento guía para a nosa práctica e traballo diario na aula e que servirá como base para a reflexión da nosa práctica e tamén dos resultados acadados a partir dela.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1				1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1	1		1
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.		1			1			
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1				1			
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1				1		1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1		1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1	1		
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1		
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1	1		
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1	1	1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1		1		1	
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.					1	1		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estamos de festa!	Nesta unidade didáctica englobamos todas aquelas actividades que teñen que ver coa preparación e conmemoración das diferentes festividades e conmemoracións establecidas no calendario escolar. Así, incluímos nesta unidade didáctica anual todo o traballo que se fai en referencia ás festas: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas... e tamén conmemoracións como: 25N, día da Paz, 8M... e todas aquelas sinaladas no calendario escolar aprobado pola consellería. Ademais incluímos aquí tamén a celebración dos aniversarios que se fan na aula e todas as actividades que se levan a cabo para festexalos.	70	X	X	X
2	Bibliotequeando!	Nesta unidade didáctica incluímos todo o traballo que se fai relacionado co Proxecto de centro que parte da biblioteca. Neste curso escolar é un proxecto no que traballamos a flora autóctona e que denominamos "As raíces que nos unen". Ademais do traballo relacionado co Proxecto incluímos tamén as sesións semanais que vamos á biblioteca e que temos determinadas por	70	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Bibliotequeando!	horario e nas que aproveitamos os recursos que hai neste espazo, levamos a cabo o empréstito de libros e actividades diversas.	70	X	X	X
3	Así é como nos aprendemos!	Nesta unidade englobamos todo o traballo relacionado cos pequenos proxectos de aula que levamos a cabo, sexan cales sexan os seus núcleos de interese. É complicado determinar con antelación cales serán os temas nos que o alumnado estará motivado e interesado, polo que nos parece máis apropiado facer unha síntese dos contidos a traballar no curso escolar, independentemente da temática que escollamos. dentro desta unidade didáctica traballaremos tamén todos os contidos relacionados coa lectoescritura e conceptos matemáticos, contextualizados para cada un dos temas que xurdan ao longo do curso.	245	X	X	X
4	Movémonos!	Nesta unidade incluimos todas as actividades que teñen que ver coa conciencia corporal e a psicomotricidade. Facemos unha sesión semanal de psicomotricidade no ximnasio, pero hai máis momentos na aula nos que levamos a cabo dinámicas que levan consigo implícito o traballo do corporal e a conciencia corporal. As sesións de relaxación e actividades diversas que programamos na última franxa da xornada inclúense nesta unidade.	70	X	X	X
5	Música maestra!	Dentro desta unidade incluimos o traballo que se leva a cabo relacionado coa música. No caso da aula de tres anos, este curso, o mestre de música imparte dúas sesións para cubrir o horario da titora que é directora do centro, polo que o cómputo semanal de sesións é de dúas.	70	X	X	X
6	Somos artistas!	Nesta unidade incluimos todos aqueles traballos relacionados coa arte. Facemos un traballo continuo de arte, xa que temos un recanto na aula de arte no que libremente poden expresar a súa creatividade. Ademais anualmente traballaremos diferentes figuras do mundo da arte: pintores, escultoras, escritoras, bailaríns...e faremos un traballo relacionado con isto. Técnicas como o modelado, pitura, acuarela... traballaranse na aula.	70	X	X	X
7	Xuntos máis fortes!	Nesta unidade didáctica recolleemos o traballo levado a cabo na aula relacionado coa convivencia, o traballo en equipo e cooperativo, o traballo relacionado coas emocións e creación de vínculos. As asembleas diarias están aquí recollidas, así como todos eses momentos nos que se levan a cabo xogos de equipo, círculos restaurativos, técnicas de traballo da convivencia e actividades de cohesión grupais.	175	X	X	X
8	O tempo voa!	Nesta unidade didáctica recolleremos todos aqueles contidos que teñen que ver co paso do tempo e a modificación dos elementos do contorno. As estacións, o cambio nas árbores e nas plantas. O alumnado a través deste traballo será consciente de todos os cambios estacionais que se producen no entorno.	35	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Are you ready?	Esta ud.engloba os temas a traballar durante todo o curso.Actividades relacionadas coa L.Estranxeira para comunicarse(assembleas) expresarse(c.fonolóxica) ou relacionarse (emocións,normas cortesía,saúdos e despedidas).Este ano é o primeiro ano no colexio polo que as primeiras sesións de inglés serán na súa aula que coñecen máis, pero a medida que se sintan máis seguros, serán na aula de inglés.O longo do curso, traballaremos as rutinas diarias na assemblea que será o punto de partida de tódalas sesións ó longo do curso. Nela traballaremos temas como as emocións, as presentacións, os días da semana, o tempo, os números, as cores, os saúdos, as despedidas e as normas de cortesía, todo de xeito contextualizado. Todos os temas estarán relacionados cos seus intereses e a súa contorna máis próxima como a súa familia, o seu corpo e a roupa, os seus xoguetes, a comida, as súas mascotas e os animais. De xeito transversal, traballaremos festividades tales como Halloween, Christmas ou Easter.	35	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Estamos de festa!	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	TI
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Goza participando en festas, costumes e tradicións.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Realiza unha pequena toma de contacto con algún persoaxe relevante da cultura galega, como Rosalía ou a persoa homeaxeada nas Letras Galegas	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Amosa interese nas actividades relacionadas con costumes e tradicións	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Bibliotequeando!	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	É quen de expresarse oralmente.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita a biblioteca de centro e o recanto da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

Contidos
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	Así é como nos aprendemos!	245

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Explora os atributos de diferentes obxectos a través da manipulación	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece algún cuantificador básico.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo coas súas partes máis importantes	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Iniciase nas habilidades de cálculo e recoñecemento dos números.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica de forma sinxela as sensacións que lle producen os seus sentidos	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece algunha forma xeométrica básica.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	É quen de manifestarse a través de diferentes linguaxes	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Participa en actividades manipulativas de calquer tipo.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Identifica nocións temporais básicas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega o corpo para facer medicións sinxelas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Deseña solucións para resolver diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación. formulación de preguntas e experimentación.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias, con axuda , e deseña solucións para resolver retos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Participa en actividades de resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda tanto a adultos coma compañeiros/os.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas e valora as aportacións alleas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa en actividades STEAM.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Diferencia seres vivos e inertes.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Diferencia algunhas profesións da súa contorna.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.

Contidos

- Habilidades do pensamento computacional.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Os seres vivos e as súas características.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	Movémonos!	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Avanza na interiorización do seu esquema corporal	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.5 - Situar-se adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.

UD	Título da UD	Duración
5	Música maestra!	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de discriminación auditiva	TI
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.

Contidos

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- A escola.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Respecto cara ás producións alleas. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Respecto cara ás producións alleas. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
8	O tempo voa!	35

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Identifica nocións temporais básicas.	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Recoñece situacións perxudiciais para o medio natural.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgunos fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Diferencia seres vivos e inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
9	Are you ready?	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en lingua inglesa	TI
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese pola aprendizaxe da lingua inglesa.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o que se establece no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, buscaremos desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e neno, sempre nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social. Basearemos a nosa práctica educativa nunha serie de principios que se sustentan nas aportacións das principais correntes psicolóxicas e pedagóxicas:

Derivadas da psicoloxía (Ausubel, Piaget, Vigotsky):

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado: tendo en conta o nivel madurativo e as experiencias e coñecementos previos de cada neno e nena, sendo este o punto de partida para a adquisición de novas aprendizaxes.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas: de xeito que o alumnado relacione os seus coñecementos e experiencias previas coas novas aprendizaxes, mediante actividades e propostas que teñan sentido e interese para el.
- Aprender a aprender: a autonomía non só entendida nas actividades da vida cotiá, senón tamén autonomía nas aprendizaxes. Debe fomentarse a capacidade de autoxestión das actividades, o erro como parte de construción positiva e a competencia para adaptarse ás novas situacións aplicando os coñecementos e experiencias previas.
- Promover unha intensa actividade por parte do alumnado: actividade con carácter construtivo, a través do xogo, a acción, a manipulación e a experimentación. Unha actividade tanto física como mental.

Derivadas da pedagogía (Escola Nova):

- Individualización, adaptando o proceso de aprendizaxe a cada un do noso alumnado, ás súas características, capacidades, posibilidades, necesidades e ritmos madurativos. Trátase de adaptarnos as mestras e non ao revés.
- Socialización, fomentando a interacción entre os nenos e nenas, tamén de diferentes idades (este ano non é posible), facilitando así o progreso intelectual, afectivo e social.
- Intuición, a través do emprego dos sentidos e o mundo sensorial para o coñecemento dos obxectos, baseado sobre todo na manipulación e nas experiencias sensoriais.
- Motivación, pois sen motivación non hai aprendizaxe, principalmente a motivación intrínseca, a que ven dos propios intereses e necesidades do alumnado, pois é a conecta a dimensión emocional coa intelectual e social.
- Xogo, pois é a actividade natural e espontánea do neno, a través da cal se levan aprendizaxes significativos de diversa índole, se estrutura a realidade e se organizan os contidos de forma global.
- Globalización, entendendo que a realidade non se presenta en partes, senón como un todo, a crianza relaciona o que está aprendendo con aquilo que xa ten adquirido. Por iso, non se separan os contidos de diferentes tipos nin as diferentes áreas.
- Flexibilidade, deixando espazo á creatividade, espontaneidade e a iniciativa dos nenos.

Derivadas da neurodidáctica (Francesco Tonucci, Mar Romera, Jesús Guillén, David Bueno i Torrens, Arno Stern, Emile Pikler, Ángela Sátiro, Loris Malaguzzi...).

- Pedagogía centrada na infancia: entendendo que os nenos e nenas teñen unhas necesidades e características totalmente diferentes das do adulto. Non son mini-adulto, e como tal non debe pretendese que se comporten como adultos, senón como nenos, con necesidades de xogo e movemento.
- Educación emocional: as emocións forman parte indisoluble dos procesos de aprendizaxes e da vida mesma. Ademais de recoñecer as diferentes emocións, hai que saber aceptalas e xestionalas. Intimamente relacionada coa motivación na aprendizaxe.
- Ensinar a pensar: baseado na importancia da capacidade reflexiva, crítica e de pensamento autónomo.
- Importancia do movemento e do desenvolvemento motor: sobre todo nas primeiras idades, no que o desenvolvemento motor e o cognitivo están conectados. A través do movemento actívanse partes do cerebro e conéctanse os dous hemisferios cerebrais, que axudan nas aprendizaxes e nos procesos de atención e concentración.
- Cen linguaxes: outorgando importancia á todas as linguaxes como fonte de comunicación e expresión, con liberdade

e fomentando a creatividade. A palabra non é a única forma de expresarnos; tamén existen outros medios coma os xestos, as miradas, os silencios, as posturas, o xogo, os ritmos, as cores... E todas estas linguaxes están interrelacionadas e integradas no desenvolvemento do neno, polo que hai que potencialas tamén desde a escola.

Baseándonos nestes principios, establecemos unhas orientacións metodolóxicas xerais, entre o que destacamos:

- Os Espazos: O deseño dos espazos e dos ambientes favorecerán a autonomía dos nenos e nenas, confiando nas súas capacidades e dando tempo a cada un dos rapaces para avanzar na conquista desa autonomía, de xeito que as persoas adultas sexamos acompañantes respectuosos. Este ambiente será grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro, confiado e acollido.

- Os Materiais: A aula contará con materiais axeitados aos diferentes niveis e intereses do alumnado, e a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias e capacidades. Tamén estarán presentes diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o interese por explorar e experimentar. Estes materiais estarán ao alcance dos ollos e das mans, con accesos delimitados e ben definidos, precisando andeis baixos e accesibles. Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas sen amontoar para facilitar o seu acceso e recollida, e facilitaremos o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas,... Ademais estarán expostos de xeito que se capten dun vistazo, delimitándoos, e rotarémolos e/ou cambiarémolos periodicamente.

- Os Tempos: Ademais de flexibilizar os tempos, e de intercalar momentos de rutinas con momentos de xogo, establecemos unha xornada onde teñan cabida as necesidades de movemento dos nenos destas idades, e a necesidade do contacto coa natureza, sempre dende un clima de respecto polos ritmos e intereses de cada un.

- Perspectiva didáctica: Ofrecerémolle aos nenos/as situacións de aprendizaxe onde poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Terán moita importancia tamén as asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria, favorecendo así o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que os nenos se sintan membros do grupo e participen activamente nel. Promoveremos así tamén o diálogo e intercambio de opinións sobre calquera tema, respectando as opinións de todos e traballando por chegar xuntos a acordos significativos. É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman, establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción da súa emotividade e simbolismo; manifestan a través do xogo as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción. Por isto, daremos moita importancia ao xogo libre, á libre elección da actividade lúdica dos rapaces, que, xunto coa preparación do ambiente, propiciará os aprendizaxes segundo o ritmo de cada un.

Resaltamos tamén a importancia da afectividade, pois os nenos e nenas deben sentirse seguros, queridos, respectados, escoitados... para construír unha autoimaxe positiva.

- Papel do profesorado: Actuaremos como mediadoras entre o alumnado e a cultura, atendendo a súa diversidade, acompañándoos nas súas aprendizaxes. A partir da observación e documentación do que os nenos e nenas saben e vivencian, podemos intervir en cada caso do xeito máis próximo aos seus coñecementos, potenciando no alumnado as súas habilidades de pensamento e intelixencias, garantindo a construción de novas aprendizaxes.

Será tamén a nosa labor crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións e a desvalorización. É importante favorecer que o alumnado exprese libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, por iso temos que crear as condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferencias (fundamentalmente a través das asembleas e círculos).

Valoraremos os erros como fonte de construción de coñecemento, creando un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada neno se sinta con confianza.

A intervención da persoa docente, guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo..., estimulará a creatividade e contrarrestará estereotipos e convencionalismo.

Así, toda a actividade está centrada no alumnado. Axudamos aos nenos e nenas a proceder por si mesmos, e aprenderán a través das propostas e dos materiais, e tamén a través das observacións de uns aos outros.

- Papel do alumnado: Terase en conta que cando as crianzas chegan a escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento, e potenciarase a súa capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, poñendo a súa disposición os medios que llo possibiliten, así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecemento.

Cando a un grupo de nenos e nenas se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmos, ás demais persoas e ao medio natural, confiando neles, estamos abríndolle a posibilidade de que aprecie e valore os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal. É igualmente importante ofrecerlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien as súas capacidades. Darémolle a oportunidade de que realicen as súas propostas, que tomen as súas decisións, anticipar as súas accións, organizar as súas actividades...

- Agrupamentos: Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza,

organizaremos diversas formas de agrupamentos, tendo en conta as potencialidades de cada unha delas:

- Gran grupo, procurando un espazo amplo que permita unírnos, escoitarnos, vernos e compartir.
- Pequeno grupo: que sirvan para encontros casuais ou intencionais, para crear proxectos, actividades colaborativas e cooperativas.
- De parellas ou para estar sos: onde nenos e nenas se sintan cómodos, tranquilos, relaxados, para poder descansar, soñar, pensar...
- Apertura á contorna: A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre toda a comunidade educativa. É necesaria unha boa comunicación e relación coas familias, que retomaremos este ano por fin, despois da pandemia. Aproveitaremos tamén o potencial educativo e de relación que ten o contacto coa natureza e o exterior, realizando saídas na medida en que se poida.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: convencional e non convencional.
Material sensorial.
Biblioteca de centro e de aula.
Material de expresión artística.
Material de psicomotricidade: colchonetas, módulos de gomaespuma, cordas, aros, pelotas...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de construción
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido : todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc)
Material de xogo simbólico.
Material de lóxica-matemática.
Material de lectoescritura e concienciación fonolóxica.
Materiais e instrumentos musicais.
A totalidade da Comunidade Educativa.
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet

A aula conta con materiais axeitados aos diferentes niveis e intereses do alumnado, e a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias e capacidades. Tamén estarán presentes diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o interese por explorar e experimentar. Estes materiais estarán ao alcance dos ollos e das mans, con accesos delimitados e ben definidas, precisando andeis baixos e accesibles. Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas sen amontoar para facilitar o seu acceso e recollida, e facilitaremos o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas,... Ademais estarán expostos de xeito que se capten dun vistazo, delimitándoos, e rotarémolos e/ou cambiarémolos periodicamente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial se levará a cabo unha vez superado o período de adaptación e tendo en conta a información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de cosecución observado pola mestra ou mestre.

Criterios de recuperación:

Este criterio non será tido en conta xa que non procede nesta etapa educativa.

6. Medidas de atención á diversidade

O decreto 229/2011 do 7 de decembro pola que se regula á atención a diversidade, entende a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Un modelo de ensinanza inclusiva debe, necesariamente, prestar atención á diversidade do alumnado. Cada alumno/a é distinto dos demais: os seus coñecementos, ideas e crenzas previos son distintos; tamén as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe.

Considerando imprescindible a atención a diversidade na nosa labor docente si realmente pretendemos aprendizaxes significativas.

Esta diversidade rexerase polos seguintes principios:

- ¿ A inclusión.
- ¿ A normalización.
- ¿ A equidade.
- ¿ A igualdade de oportunidades e a non discriminación.
- ¿ A flexibilidade e accesibilidade.
- ¿ A interculturalidade.
- ¿ A promoción da convivencia.
- ¿ A participación de toda a comunidade educativa.

Esta diversidade abranguerá a totalidade do alumnado, onde se priorizarán sempre as medidas ordinarias cas

extraordinarias.

Así, segundo o Decreto 229/2011 do 7 de decembro entendemos coma medidas ordinarias aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nos diferentes ensinós.

Estas poden ser adecuacións das programacións, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, titoría entre iguais, adaptacións dos instrumentos de avaliación, reforzo educativo, apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria, programas de enriquecemento curricular; entre outras.

Unha vez que estas medidas ordinarias sexan esgotadas, pediremos a colaboración do departamento de orientación para levar a cabo medidas extraordinarias, que se entenden como todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización, é dicir, alteran elementos prescriptivos.

Estas poden ser adaptacións curriculares, mestre de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe e flexibilización, entre outras.

Teremos en conta ademais tódolos aqueles protocolos de atención á diversidade publicados pola Xunta de Galicia para poder adaptar a nosa resposta educativa ás individualidades do alumnado.

Priorizárase sempre unha educación e unha ensinanza accesible para todos e todas, con actividades que permitan progresar a todo o alumnado, é dicir, ao deseño universal para a aprendizaxe e a unha planificación multinivel, adecuada sempre ás diferenzas de cada un.

Nas aulas para que se realiza esta programación, de momento, non alumnado con NEAE, pero sí estamos observando constantemente ao noso alumnado por si pudiera aparecer ou se poidese dar o caso de atopar algún neno ou nena con necesidades educativas específicas de apoio, polo que teremos en conta todo o dito con anterioridade e traballaremos en estreita colaboración co DO e o establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesitan facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou títulos legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a convivencia pacífica e o respecto polos demais e unha mesma.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Coeducación e Igualdade.	X		X	X	X	X	X	X
ET.3 - As habilidades comunicativas.	X		X				X	
ET.4 - A nosa cultura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade e emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación medioambiental para o consumo responsable e sustentable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Os afectos e emocións.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Hábitos de vida saudable.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación para a convivencia pacífica e o respecto polos demais e unha mesma.	X
ET.2 - Coeducación e Igualdade.	
ET.3 - As habilidades comunicativas.	
ET.4 - A nosa cultura.	X
ET.5 - Creatividade e emprendemento.	X
ET.6 - Educación medioambiental para o consumo responsable e sustentable.	X
ET.7 - Os afectos e emocións.	X
ET.8 - Educación en valores.	X

	UD 9
ET.9 - Hábitos de vida saudable.	X

Observacións:

Como se pode observar con máis detalle na concreción curricular de centro os elementos tansversais son comúns para toda a etapa de educación infantil e primaria e polo tanto comúns a todas as programacións.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saídas á contorna nas diferentes estacións	Para ser conscientes dos cambios nas árbores e prantas a través do ano realizaremos saídas á contorna próxima.
saídas ao teatro ou diferentes actuacións culturais como concertos...	Iremos a ver algunha obra de teatro ou concerto
Saídas relacionados co traballo de Contratos Programa e Plan Proxecta.	Realizaremos algunha saída que teña que ver cos contidos traballados nestes Proxectos.
Calquera outra saída que se considere de interese para os proxectos que esteamos a desenvolver.	En función dos núcleos de interese que realicemos organizaremos saídas relacionadas.
Saída de todo o día na fin de curso.	Para celebrar o final de curso realizaremos unha saída de todo o día na que iremos de visita a algunha zona que determinemos.
Conmemoracións de todas as datas recollidas no calendario escolar.	Xa sexa a través das propostas que nos fagan chegar os distintos equipos, como do propio traballo da aula, conmemoraremos todas as datas e celebracións que se recollen no calendario escolar.
Saída a plantar árbores ou arrincar especies invasoras, dentro do proxecto de centro "As raíces que nos unen"	O noso proxecto de centro este ano é sobre a Flora autóctona e realizaremos algunha saída a plantar árbores ou arrincar especies invasoras.

Observacións:

é difícil determinar con antelación todas as actividades complementarias e extraescolares que se levarán a cabo, xa que, moitas delas van xurdindo ao longo do curso. Moitas organizacións e mesmo o Concello fan chegar propostas para nós que non sabemos no momento de redactar esta programación, polo que, as modificacións que se produzan e todas as actividades realizadas finalmente recolleranse no seguimento desta programación para que quede constancia das mesmas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
As actividades deseñadas son variadas e axeitadas para o alumnado.
Os elementos curriculares están presentes no traballo das diferentes actividades.

Os instrumentos de avaliación do alumnado son axeitas e eficaces.
Empréganse diversidade de materiais para acceder á información.
Dende a programación de aula promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
A temporalización das actividades é axeitada.
Empréganse diferentes recursos didácticos.
Existe coordinación entre o equipo docente de ciclo.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Tense en conta a individualización do proceso segundo as características do alumnado
O deseño do espazo fai da aula un lugar cálido e acolledor, e promove a autonomía do alumnado
A selección dos materiais e a súa disposición é adecuada.

Descrición:

Estes indicadores de logro daránnos datos de como se vai producindo o proceso de ensino-aprendizaxe. A reflexión a través deles e a adaptación das actividades en función dos resultados que estes nos dean fará que adaptemos as actividades e melloremos o proceso de ensino-aprendizaxe para o noso alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

A maiores, consideramos que a programación é un documento vivo que sofre de modificacións continuas en función dos intereses do noso alumnado.

Ademais, a finais de cada curso escolar, recolleranse as propostas de mellora para ter en conta o curso seguinte, xa que, consideramos entender esta programación didáctica como a base do traballo de 4º de Infantil no noso centro e, tendo en conta que este aspecto continuará invariable, parécenos importantísimo facer esa reflexión e ter en conta estas Propostas de mellora, para adecuar curso a curso esta programación e facela máis operativa e funcional.

9. Outros apartados